



ASINADO POR

Ana Sanmartín Ramos  
Secretaría da Comisión de Avaliación  
10/12/2025



NIF: P1503100H

SECRETARIA XERAL

Expediente 1718344P



SELO

Publicado en taboleiro de anuncios electrónico  
10/12/2025

## **ANUNCIO Nº1 DA COMISION DE AVALIACION PARA A FORMACIÓN DE LISTAS DE SUBSTITUCIÓN DE PROFESOR/A DE MÚSICA POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS (PERSOAL LABORAL TEMPORAL).**

### **DATA E HORA DE REALIZACIÓN DA PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.**

A Comisión de Avaliación do proceso selectivo de referencia, na sesión constitutiva de data 09.12.2025, acordou por unanimidade:

“(…)

2º. Convocar ós candidatos para o vindeiro **día 15 de decembro ás 10.00 horas no Salón de Plenos do concello de Culleredo**, sito na rúa Concello, 12- 15189 (Tarrío- Culleredo) para a realización da proba de coñecementos de lingua galega (aspirantes que non acreditaron o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA IV ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro)).

3º. Publicar na páxina web e no taboleiro de anuncios electrónico os criterios de corrección a aplicar na proba de galego así como o día e hora de celebración da proba.

### **“CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN DA PROBA DE GALEGO**

O nivel de coñecemento da lingua galega esixido é o correspondente ao Celga 4, tal e como se establece na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo de 2007. Terase en conta tamén o establecido na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)

O nivel correspóndese tamén co nivel C1 do Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación, elaborado polo Consello de Europa e do que existe tradución a diversas linguas europeas, entre elas ao galego.

A proba de coñecemento da lingua galega consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e doutro do galego ao castelán. Os criterios seguidos para avaliar a proba escrita son os seguintes:



CONCELLO DE CULLEREDO

Código Seguro de Verificación: L2CA AJQC JCLV M77W RDWN

**Anuncio número 1 Comisión Avaliación listas substitución profesor/a música - SEFYCU 6386978**

A comprobación da autenticidade deste documento e outra información está dispoñible en <https://sede.culleredo.es/>

Páx. 1 de 2



ASINADO POR

Ana Sanmartín Ramos  
Secretaria da Comisión de Avaliación  
10/12/2025



NIF: P1503100H

SECRETARIA XERAL

Expediente 1718344P



SELO

Publicado en taboleiro de anuncios electrónico  
10/12/2025

- Avaliarase a ADECUACIÓN, terase en conta que se resolva a actividade en termos xerais, que se cumpra coa extensión requirida e se traten os puntos esixidos na tarefa cunha información adecuada. Valorarase que o formato textual e o rexistro sexan os adecuados.
- Avaliarase a COHESIÓN e a COHERENCIA, que se presente a información organizada, que se faga un uso correcto e variado dos conectores e que se usen de xeito correcto os signos de puntuación.
- Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos.
- Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a corrección, precisión e amplitude do vocabulario empregado.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A secretaria da Comisión de Avaliación  
Ana Sanmartín Ramos



CONCELLO DE CULLEREDO

Código Seguro de Verificación: L2CA AJQC JCLV M77W RDWN

**Anuncio número 1 Comisión Avaliación listas substitución profesor/a música - SEFYCU 6386978**

A comprobación da autenticidade deste documento e outra información está dispoñible en <https://sede.culleredo.es/>

Páx. 2 de 2